

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión ordinaria do 24 de xullo de 2008

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Santiago Domínguez Olveira
D^a Elena Maure Noia
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
D. José Manuel Mariño Mendoza

NON ASISTEN:

D. Carlos López Font
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro

Invitados:

D^a Raquel Díaz Vázquez
D^a María Jesús Lago Rey
D^a Laura López Atrio
D. Angel Rivas González
D. Xesús López Carreira

D^a Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e quince minutos do día vinte e catro de xullo de dous mil oito e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular acctal. do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Riesgo Boluda, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. Blanco Serrano.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1199).- SUBVENCIÓN PARA FUNCIONAMENTO E ACTIVIDADES DO INSTITUTO DE ESTUDIOS VIGUESES EN 2008. CONVENIO COA FUNDACIÓN PROVIGO E A SÚA ÁREA. EXPTE. 11003/331.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico, do 23.06.08, e de acordo co informe-proposta do xefe do Departamento de Cultura, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural, e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Outorgar unha subvención de 36.000 € (trinta e seis mil euros) á FUNDACIÓN PROVIGO E A SÚA ÁREA, CIF G36745396, para o financiamento do funcionamento e actividades do Instituto de Estudos Vigueses correspondente ao ano 2008 con cargo á partida 4510.489.00.02 “Fundación Provigo – Instituto de Estudos Vigueses” que figura no presuposto vixente do Concello de Vigo.

2º.- A subvención que outorga o Concello de Vigo á FUNDACIÓN PROVIGO E A SÚA ÁREA, para o desenvolvemento da actividade e funcionamento do Instituto de Estudos Vigueses axustarase ao

establecido na seguinte normativa: Lei xeral de subvencións 38/2003, de 17 de novembro (BOE 18 de novembro de 2003), Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG 25 de xuño de 2007), Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (BOE 25 de xullo de 2006), así como as Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, outras normas de aplicación.

A concesión da subvención directa á FUNDACIÓN PROVIGO E A SÚA ÁREA axústase ao previsto no art. 22.2, apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións; tanto por estar prevista nominativamente no presuposto do Concello de Vigo de 2008, como polo interés público e social que supón para a cidade de Vigo a actividade da Fundación e do Instituto, acreditado pola concordancia do programa da Fundación cos fins e actividades recollidos no seu Regulamento e cos Estatutos da Fundación, que foi impulsada polo propio Concello.

A Fundación Provigo e a súa Área foi impulsada polo propio Concello e outras institucións (estatutos aprobados polo Pleno do Concello de Vigo do 28 de maio de 1992) co obxecto, entre outros, de realizar proxectos de estudo ou investigación dirixidos a coñecer a situación de Vigo e o seu entorno e actuar como grupo de opinión en relacións en defensa dos intereses de Vigo e do entorno que abarca a Fundación. O Instituto de Estudos Vigueses créase baixo o Padroado da Fundación Provigo e a súa Área (art. 1 do seu regulamento), co fin de fomentar, orientar e coordinar o labor investigador en diversas disciplinas e manifestacións que se refiran a Vigo e bisbarra; asimesmo informará peticións de organismos e entidades culturais (art. 2 do regulamento). A actividade e composición cualificada do Instituto de Estudos Vigueses confire un carácter singular á concesión da subvención, polo que non procede a concurrencia para o outorgamento desta subvención.

De acordo co previsto no art. 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente.

3º.- Aprobar o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a Fundación Provigo e a súa Área que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento do funcionamento e actividades do Instituto de Estudos Vigueses en 2008.

*PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN
PROVIGO E A SÚA ÁREA, RELATIVO Á APORTACIÓN DO CONCELLO PARA O FUNCIONAMENTO E
ACTIVIDADES DO INSTITUTO DE ESTUDIOS VIGUESES*

En Vigo, a _____ de _____ de dous mil oito.

REUNIDOS

Dunha parte, D. Xesús López Carreira na súa calidade de Concelleiro-Delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural, en representación do Concello de Vigo, CIF P3605700H, e con enderezo na praza do Rei s/nº, no sucesivo O CONCELLO.

Doutra parte, D. Rubén López López, na súa calidade de Director Xerente da FUNDACIÓN PROVIGO E A SÚA ÁREA, CIF G36745396, e con enderezo na Praza de Compostela, 22 baixo, 36201 de Vigo, que no sucesivo se denominará A FUNDACIÓN.

MANIFESTAN

- *O Concello de Vigo, a Fundación Provigo e a súa Área - Instituto de Estudos Vigueses tiñan asinado diversos convenios de colaboración nos que se definían as dependencias e medios cos que ía desenvolver o seu labor o mencionado INSTITUTO; así como outros convenios que permitiron o seu funcionamento e actividade.*

- Coa finalidade de facilitar que o INSTITUTO poida desenvolver o seu labor no ano 2008 as partes acordan a sinatura do presente convenio de colaboración en concepto de subvención para o seu funcionamento e actividades.
- D. Xesús López Carreira, actúa na súa calidade de Concelleiro-Delegado, de acordo coa resolución da Alcaldía do 5 de xullo de 2007 e acordo da Xunta de Goberno Local de 16 de xullo de 2007, sobre competencias delegadas e D. Rubén López López actúa na súa calidade de Director Xerente conforme á escritura de apoderamento outorgada o 1 de marzo de 2007 pola FUNDACIÓN.
- A subvención que outorga o Concello de Vigo á FUNDACIÓN para o desenvolvemento do funcionamento e actividades do INSTITUTO axustarase ao establecido na seguinte normativa: Lei xeral de subvencións 38/2003, de 17 de novembro (BOE 18 de novembro de 2003), Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG 25 de xuño de 2007), Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (BOE 25 de xullo de 2006), así como as Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, outras normas de aplicación.
- A FUNDACIÓN reúne a condición de beneficiario da subvención e de acordo cos requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia e declarando non estar incurso nas prohibicións ou circunstancias detalladas nos apartados 2 e 3 do citado artigo.

En consideración ao antes exposto, o CONCELLO e a FUNDACIÓN establecen a súa relación mediante o presente convenio, composto polas seguintes

CLAÚSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO.

O presente convenio ten o obxecto de regular as condicións da subvención nominativa outorgada á FUNDACIÓN pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, con data [REDACTED] con destino ao programa de funcionamento e actividades do INSTITUTO, órgano cultural da Fundación, correspondente ao ano 2008, que se detalla no Anexo. As liñas xerais do programa do INSTITUTO consistirán, básicamente, en: edición e presentación de publicacións, Centro de Documentación da Historia de Vigo, subscripcións, outras actividades e gastos de funcionamento.

SEGUNDA.- PRESUPOSTO E FINANCIAMENTO.

O presuposto xeral do programa obxecto do convenio ascende a 42.000 €. O INSTITUTO financiará o seu programa do seguinte xeito:

- 36.000 € (trinta e seis mil euros) con cargo ao presuposto do Concello de Vigo, partida 4510.489.00.02 “Fundación Provigo – Instituto de Estudos Vigueses” do vixente presuposto municipal; que supoñen o 85,71% do total do presuposto.
- 6.000 € por venda de libros.

TERCEIRA.- DATAS E LUGARES.

O INSTITUTO establecerá as datas e lugares concretos das actividades do seu programa e as comunicará ao Concelleiro delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural do Concello de Vigo e a xefatura do departamento de Cultura, cunha antelación mínima de 15 días.

CUARTA.- MECANISMO DE ASISTENCIA TÉCNICA. OBRIGAS DO FUNDACIÓN EN RELACIÓN COA ACTIVIDADE DO INSTITUTO

1. Cumprir o programa obxecto de subvención de acordo con establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo todos os gastos e pagamentos relativos á totalidade do programa de actividades e funcionamento.
2. Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima.
3. Entregar á Concellería da Área de Asuntos Sociais 20 (vinte) exemplares das publicacións que realice o INSTITUTO durante o ano 2008; con carácter especial este fondo podería ampliarse para afrontar compromisos institucionais do Concello se se solicitan pola Concellería-delegada en escrito motivado.

4. *Completar o fondo editorial do INSTITUTO na Biblioteca Central, na da Casa Galega da Cultura, Museo de Castrelos e Arquivo Municipal; no caso que o fondo estivese incompleto nestes organismos.*
5. *Emitir os informes que se lle poidan requerir polos órganos de goberno do Concello de Vigo sobre asuntos locais, en particular sobre a xustificación de inclusión ou cambios de nomes no rueiro da cidade.*
6. *A FUNDACIÓN comunicará ao Concello de Vigo as modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (de acordo co Art. 11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, co obxecto de determinar a oportunidade da autorización de modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro. A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (Art. 17.3 da citad lei).*
7. *A concesión da subvención á FUNDACIÓN implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.*

QUINTA.- Mecanismos de asistencia técnica. Obrigas do Concello de Vigo-Concellería de Cultura e Animación Sociocultural.

1. *Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa do INSTITUTO e colaborar na súa viabilidade.*
2. *Xestionar o pagamento do importe da subvención, tralo cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.*

SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA.

A unidade xestora da subvención á FUNDACIÓN é a unidade de Cultura do Concello de Vigo, á que a FUNDACIÓN informará sobre o desenvolvemento das actividades e do funcionamento do INSTITUTO; en particular sobre o calendario da programación prevista, para que coa antelación necesaria se poida incluír na información cultural que se produza.

Tamén comunicará á unidade de Cultura os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

A unidade xestora ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA

A FUNDACIÓN adoptará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento, por parte do Concello de Vigo, do seu programa de actividades e funcionamento; incorporando esta publicidade, de forma particular, nas publicacións, na páxina web, nas presentacións e difusión das súas actividades, nas informacións xerais sobre o INSTITUTO, etc., de acordo coa Concellería da Área de Cultura e Animación Sociocultural.

A FUNDACIÓN asumirá integramente a produción de material gráfico para difusión, tanto o de tipo xeral relativo ao INSTITUTO como o das actividades programadas. O anagrama-logotipo do Concello de Vigo e o da Concellería da Área de Cultura e Animación Sociocultural, figurará debidamente en tódalas publicacións e soportes publicitarios que se produzan, ademais das lendas que se acorden.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa Concellería da Área a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión deberá ser enviado ao departamento de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias á FUNDACIÓN,

INSTITUTO, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha aportación ao proxecto anual subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado dispoñerá dos depósitos legais correspondentes.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa Concellería-delegada da Área de Cultura e Animación Sociocultural.

A FUNDACIÓN comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento.

A FUNDACIÓN tamén se compromete ao emprego de imaxes non estereotipadas e que visibilicen a aportación das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

LINGUA DE DIFUSIÓN E PUBLICACIÓN.

En consecuencia co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto e con carácter xeral só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa concellería de Cultura para que os elementos sexan subvencionables.

OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN.

CALENDARIO DE PAGAMENTO.-

O Concello de Vigo xestionará o pagamento á FUNDACIÓN do importe da subvención outorgada para as actividades e funcionamento do INSTITUTO no ano 2008, de acordo co seguinte calendario:

- a) unha primeira achega, por un importe do 25 % do total da subvención trala aprobación da achega do Concello de Vigo pola Xunta de Goberno Local e co correspondente convenio asinado;
- b) unha segunda achega, por importe máximo do 50 % da subvención durante o mes de outubro de 2008;
- c) unha terceira achega, polo importe pendente de tramitación antes do 28 de novembro de 2008, xunto coa liquidación.

DOCUMENTACIÓN PARA TRAMITAR OS PAGAMENTOS.-

Para cada unha das achegas a FUNDACIÓN presentará:

- a) Solicitude de pagamento de cada unha das partes da subvención, a través do Rexistro Xeral do Concello de Vigo.
- b) Informe sobre actividades realizadas e sobre funcionamento do INSTITUTO relativo a cada un dos períodos antes citados, xunto co detalle dos gastos e ingresos. Achegaranse as facturas orixinais correspondentes ao importe solicitado para cada período.

Liquidación da subvención:

Para a liquidación da terceira achega, último pagamento da subvención, presentarase a seguinte documentación antes do 28 de novembro de 2008:

- a) Solicitude polo Rexistro Xeral de liquidación da subvención concedida.
- b) Memoria-avaliación do programa de actividades e funcionamento do INSTITUTO da FUNDACIÓN, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos e que deberá incluír como mínimo:
 - Datos sobre os participantes nas actividades. (Número e perfil dos asistentes, presentados por mes e por cada unha das actividades do programa).
 - Memoria de prensa.
- c) Memoria económica xustificativa, con relación de gastos e ingresos pola totalidade do funcionamento e actividades do INSTITUTO, clasificada por cada unha das actividades, grupos e por funcionamento do centro, con indicación de acreedores, conceptos, datas de emisión e importes.

d) Detalles dos outros fondos públicos ou privados obtidos pola FUNDACIÓN para financiar a totalidade das súas actividades e funcionamento do INSTITUTO: importes, procedencias, datas dos ingresos e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.

As facturas orixinais vinculadas ao proxecto subvencionado, ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, incorporaranse xunto coa relación á que se fai referencia no parágrafo anterior.

As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, o número e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo; non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no do RD 1496/2003, polo que se regula o deber de expedir a entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais. Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que xustifique que estea exenta de IVE, os xustificantes corresponderán aos gastos vinculados directamente o obxecto específico da subvención e polo importe da mesma.

Cando a entidade beneficiara demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art. 73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporarase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá a devolución do orixinal.

Na conta xustificativa, nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiara con anterioridade á finalización do proceso de xustificación previsto na resolución de concesión da subvención; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Con cada solicitude de pagamento a FUNDACIÓN acreditará ter entregado ao departamento de Cultura do Concello de Vigo os 20 (vinte) exemplares de cada publicación ou dos materiais de difusión editados ou producidos. No caso de que non se editara material para algunha actividade deberá indicarse, expresamente, esta circunstancia.

A liquidación dos pagamentos da subvención están condicionados á conformidade do Concelleiro-Delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural, despois dos informes técnicos necesarios.

GASTOS SUBVENCIONABLES.-

Os gastos subvencionables corresponderán ao funcionamento do INSTITUTO e aos gastos ocasionados pola actividade propia desta entidade para o cumprimento dos seus fins, o longo do exercicio 2008, quedando excluídos os gastos por investimento (obras e elementos inventariables) e os que non se axusten aos criterios lingüísticos sinalados.

IMPORTE TOTAL DE SUBVENCIONS OU AXUDAS.-

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola FUNDACIÓN para a actividade e funcionamento do INSTITUTO en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actidade ou obxecto subvencionados.

A FUNDACIÓN comunicará ao Concello de Vigo, a través do departamento de Cultura, a obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que financien as actividades subvencionadas, no momento en que teña constancia da súa efectividade, así como as datas en que resulten dispoñibles as aportacións económicas; en todo caso, a comunicación producirase con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

NOVENA.- INCUMPRIMENTOS.

O incumprimento de obrigas estipuladas neste convenio por parte da FUNDACIÓN axustarase ao establecido na normativa de aplicación sinalada no acordo de concesión adoptado pola Xunta de Goberno Local, que

podería supoñer a cancelación de pagamentos pendentes ou o reintegro dos abonos que xa foran realizados polo CONCELLO, ou mesmo a cancelación do convenio.

DÉCIMA.- VIXENCIA, PRORROGABILIDADE E MECANISMOS DE DENUNCIA.

O presente convenio terá vixencia dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2008.

Este convenio non é prorrogable.

Calquera das dúas partes asinantes poderá denunciado convenio a través dunha notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

DÉCIMO PRIMEIRA.- RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS.

A Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e o concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural queda facultado para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

En proba de conformidade, asinan por triplicado o presente convenio na data xa indicada.

ANEXO

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN PROVIGO E A SÚA ÁREA, RELATIVO Á APORTACIÓN DO CONCELLO PARA O FUNCIONAMENTO E ACTIVIDADES DO INSTITUTO DE ESTUDIOS VIGUESES

PROGRAMA-PRESUPOSTO DO INSTITUTO DE ESTUDIOS VIGUESES – 2008

INGRESOS				
	Subvencións			
	Concello de Vigo	36.000		
	Venda de libros	6.000		
TOTAL INGRESOS:				<u>42.000</u>
GASTOS				
	Gastos externos		6.000	
	Material de oficina	1.000		
	Comunicacións	1.500		
	Mantenimento e reparacións	1.200		
	Subscripcións	1.300		
	Varios	1.000		
	Programas		36.000	
	Edición e presentación Boletín GLAUCOPIS Nº XIV	6.000		
	Edición facsímil e presentación libro sobre personaxes da guerra civil	9.000		
	Edición e presentación libro sobre música nos anos sesenta en Vigo	9.000		
	Outras publicacións	9.000		
	Asamblea anual da CECEL	500		
	Centro de Documentación Histórica de Vigo	1.000		
	Conferencias	500		
	Outras actividades culturais	1.000		<u>42.000</u>
TOTAL GASTOS:				

2(1200).- PROXECTO DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FEDERACIÓN GALEGA DE PATINAXE PARA A CELEBRACIÓN DA 25 EDICIÓN DO TORNEO CIDADE DE VIGO DE HOCKEY A PATINES, ENTRE O 17 E O 20 DE SETEMBRO DE 2008. EXPTE. 7897/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta do director deo IMD, do 1.07.08, co conforme do concelleiro delegado de Deportes e o intervido e conforme do Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro: Aprobar o texto do convenio entre o Concello de Vigo a través da Concellería de Deportes e a Federación Galega de patinaxe, para a celebración da 25º Edición do Torneo Cidade de Vigo de Hockey a patines, que se vai celebrar na cidade os días 17, 18, 19 e 20 de setembro de 2008 e que se achega con este expediente e que a continuación se transcribe.

Segundo: Aprobar o gasto de 45.000,00 €. a favor da entidade Federación Galega de Patinaxe, CIF: G-15070451, e con enderezo social na 1ª Travesía a Cordoeira, 19 baixo Vigo 36210. O pagamento realizarase na conta 2080 0075 08 0040016583 con cargo á partida orzamentaria 4521.489.00.01 do vixente orzamento .

Terceiro: Aprobar o seguinte procedemento de pago en cumprimento do convenio de colaboración, e de acordo as características especiais deste evento, dados os gastos previos á actividade que ten a organización:

O 50% (22.500,00€) do importe total proposto, será abonado á Federación galega de Patinaxe á sinatura do presente convenio, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais da organización. O resto do importe abonarase á Federación Galega de Patinaxe CIF: 15070451, trala presentación da xustificación correspondente, tal como se establece na cláusula terceira do presente convenio.

Cuarto: Habilitar ó Concelleiro delegado de deportes do Concello de Vigo, D. Fco. Xabier Alonso Pérez para asinar este convenio.

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FEDERACIÓN GALEGA DE PATINAXE PARA A CELEBRACIÓN DA 25 EDICIÓN DO TORNEO CIUDAD DE VIGO DE HOCKEY A PATINES A CELEBRAR ENTRE O 17 E O 20 DE SETEMBRO DE 2008.

No Concello de Vigo, con data *de 2008.*

Por parte do Concello de vigo: D. Fco. Xabier Alonso Pérez, Concelleiro Delegado de deportes do Concello de Vigo.

En nome e representación da "Federación Galega de Patinaxe", CIF: G-150704451, D. Julio Sáenz Fernández, Presidente da mesma.

Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente con capacidade e competencia para asinar o presente convenio.

MANIFESTAN:

Que en aras do interese deportivo e social que para a cidade de vigo ten a realización do Torneo Ciudad de Vigo de Hockey patíns, que con grande éxito vense celebrando dende fai 24 edicións, o Excmo. Concello de Vigo e a entidade "Federación Galega de Patinaxe" conveñen a realización do mesmo durante os vindeiros días 17, 18, 19 e 20 de setembro de 2008.

PRESCRIPCIÓNS:

Primeira: O obxecto do presente convenio establécese na colaboración da Concellería de Deportes do Concello de Vigo e a Federación Galega de Patinaxe para o desenvolvemento do evento deportivo "25ª Edición do Torneo Ciudad de Vigo de Hockey patines" nas datas 17, 18, 19 e 20 de setembro de 2008.

Segunda: A lexislación aplicable, para este convenio, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición fin al primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo para a o ano 2008; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Esta subvención ten un claro carácter de interés público social, polo que a súa concesión se acolle no previsto no artigo 19, 4C da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, tendo en conta que as actuacións previstas no convenio teñen un alto interese público e social, dada a súa natureza de promoción e difusión do programa deportivo.

A subvención que regula este convenio non obedece ós principios de publicidade e concorrência dado que a Federación Galega de Patinaxe ten experiencia para o fomento deportivo en Vigo, sendo a entidade que desenvolveu este proxecto nas súas anteriores edicións en base a ser a entidade que ten as autorizacións federativas para a organización deste evento.

A Federación Galega de patinaxe para obter a condición de de beneficiario deberá reunir os requisitos establecidos no artigo 10 da LSG.

Terceira: O Excmo. Concello de Vigo comprométese a:

1. Autorizar a organización da 25ª Edición do Torneo Cidade de Vigo de Hockey a patíns á Federación Galega de Patinaxe, para a celebración do mesmo os días 17, 18, 19 e 20 de setembro de 2008.
2. Colaborar na financiación do Torneo Cidade de Vigo de Hockey a patíns a través da subvención á "Federación Galega de Patinaxe" en relación ós gastos para a organización e desenvolvemento da 25ª Edición do Torneo Cidade de Vigo de Hockey a patíns, por unha cantidade de 45.000,00 € con cargo á partida orzamentaria 4521.489.00.01, Subvencións Eventos Deportivos, do orzamento en vigor.
3. O 50% (22.500,00€) do importe total proposto, será abonado á Federación galega de Patinaxe á sinatura do presente convenio, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais da organización.

Cuarta: A Federación Galega de patinaxe asume as seguintes obrigas:

1. Organizar a 25ª edición do Torneo Cidade de Vigo de Hockey a patíns, no ano 2008.
2. Asumir as responsabilidades derivadas da organización do evento, cubrindo unha póliza de responsabilidade civil en contía suficiente, tendo en conta a importancia do evento.

3. *A organización comprométese a presentar un proxecto xeral de todos os requisitos da organización con un mes de antelación á celebración do evento.*
4. *Todos os medios de difusión e promoción deberán empregar o galego como idioma cooficial da proba. Así mesmo, na instalación onde se celebre o evento figurará en lugar visible publicidade da Concellería de Deportes-Concello de Vigo.*
5. *Responder da veracidade dos datos da solicitude.*
6. *A organización porá a disposición da Concellería de deportes un mínimo de 1.000 invitacións para promover o evento entre os colexios da cidade.*
7. *Cumprir todas as normas do clausulado do convenio.*

Quinta: *O seguimento da execución do presente convenio será realizado polo servizo de deportes da Concellería de deportes do Concello de Vigo.*

A Concellería de Deportes, a través do servizo de deportes e do IMD, aportará os medios necesarios para a coordinación das necesidades derivadas do cumprimento do presente convenio, así como o seguimento das tarefas de organización.

A aceptación por parte da Federación Galega de Patinaxe da subvención implica as obrigas derivadas da normativa sobre axudas e subvencións a entidades deportivas sen fin de lucro.

O Servizo de Deportes, como órgano instructor, poderá solicitar maior información ou verificar calquera aspecto relacionado coa solicitude subvencionada.

Unha vez concedidas as subvencións, o Concello de Vigo, a través dos seus servizos municipais poderá comprobar o correcto destino da subvención, procedendo de se lo caso, á revogación da subvención outorgada e á inhabilitación da entidade, para os efectos de non poder volver a solicitar axudas do Concello de Vigo.

O Concelleiro de Deportes do Concello de Vigo queda facultado para solucionar as posibles controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio.

Sexta: *Así mesmo acordan que todos os ingresos derivados da organización da 25ª Edición do Torneo Cidade de Vigo de Hockei a patíns serán percibidos en beneficio da “Federación Galega de Patinaxe”.*

Sétima: *A vixencia do presente convenio será única e exclusivamente para a realización da “25ª Edición do Torneo Cidade de Vigo de Hockei a patíns 2008”.*

Oitava: *As causas de reintegro da subvención serán as que se determinan no artigo 33 da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*

Novena: *A Federación Galega de Patinaxe deberá comunicar ó Concello de Vigo calquera subvención que reciba para a organización da 25ª Edición do Torneo Cidade de Vigo de Hockei a Patíns.*

Décima: *A xustificación da subvención farase por parte do beneficiario en forma de conta xustificativa conformada, segundo o previsto no artigo 28 da LSG. A conta xustificativa deberá incluír unha declaración das actividades realizadas que teñan sido financiadas coa subvención, así como o seu custo, co desglose de cada un dos gastos incurridos.*

Para a tramitación do pago do importe da axuda do presente convenio, a Federación galega de Patinaxe deberá adxuntar coa memoria correspondente a seguinte documentación:

1- Xustificantes acreditativos dos gastos vinculados o proxecto do presente convenio coas seguintes especificidades:

- c) Facturas orixinais que deberán recoller o número de CIF, a data, o número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo; neste sentido non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no do RD 1496/2003, polo que se regula o deber de expedir a entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais. Nestas facturas se computará o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que xustifique que este exenta de IVE, os xustificantes corresponderán ós gastos vinculados directamente o obxecto do presente convenio.*
- d) Cando a entidade solicitante demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art. 73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como si o importe do xustificante imputase total o parcialmente a subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporará o expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá a devolución do orixinal.*
- e) Atendendo a especificidade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitraxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de pago de arbitraxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións, que recollan adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probativo do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.*
- f) En xeral os documentos xustificativos deberán de corresponderse con gastos vinculados de forma directa co proxecto do evento organizado e subvencionado, e non deberá constar de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade á finalización do proceso de xustificación determinada nesta convocatória.*

Asemade, coa xustificación deberá entregarse unha declaración actualizada sobre a percepción ou non, por parte do beneficiario, doutras axudas para as actividades subvencionadas neste convenio, así como a indicación do importe e procedencia doutros fondos e recursos cos que fose financiada a actividade.

Tras a presentación da conta, que deberá realizarse no prazo máximo de tres meses dende a finalización da actividade realizada, o responsable do seguimento do desenvolvemento do evento por parte da Concellería de deportes do Concello de Vigo, procederá a emitir un certificado sobre a realización do evento e de conformidade coa conta xustificativa, previa o pagamento dos 45.000,00 € correspondentes á subvención.

Así o conveñen no lugar e data no encabezamiento expresados, e asinan por triplicado o presente documento.

3(1201).- PROXECTO DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE DEPORTIVA “VIGO RUGBY CLUB” PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DO SEU EQUIPO DE ÉLITE “UNIVERSIDADE DE VIGO RUGBY”. EXPTE. 7923/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 4.07.08, e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 2.07.08, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o texto do convenio que rexerá entre a Concello de Vigo e a entidade deportiva Vigo Rugby Club, para o proxecto de actividades do equipo de elite Universidade de Vigo Rugby Club da categoría División de Honra B pola actividade na tempada 2007/2008.

2º.- Aprobar o gasto de 16.000,00 €. a favor da entidade: Vigo Rugby Club, co CIF: G-36680924, con enderezo social na rúa Pontevedra , 6, 6ºC en Vigo, e numero de conta corrente: 2080 0092 16 0040018069. Este credito e con cargo á partida 4521.489.00.09 do vixente orzamento.

3º.- Habilitar ao concelleiro-delegado de Deportes do Concello de Vigo, D. Francisco Xabier Alonso Pérez, para asinar este Convenio.

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE VIGO RUGBY CLUB PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DE ELITE DO EQUIPO UNIVERSIDADE DE VIGO RUGBY.

En Vigo, a de de 2008

REUNIDOS

Dunha parte: D. Francisco Xavier Alonso Pérez, Concelleiro Delegado de Deportes do Concello de Vigo.

Doutra parte: Federico González-Babé Iglesias, con D.N.I.: 36096067, como representante legal da mesma, con C.I.F. G-36680924, e con domicilio social en Rúa Pontevedra 6, 6ºC de Vigo.

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que a entidade deportiva Vigo Rugby Club conta cun equipo Universidade de Vigo Rugby que participa na categoría División de Honra B, e desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo.

SEGUNDO.- Que o Concello de Vigo está interesado en colaborar co desenvolvemento do deporte local dentro do marco de actuacións previstas na memoria deste convenio polo cal a colaboración para a promoción do deporte vigués ten no ámbito das entidades deportivas da cidade un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.

CLÁUSULAS

Primeira: O obxecto do presente convenio establécese na colaboración da Concellería de Deportes do Concello de Vigo e a entidade Vigo Rugby Club para o desenvolvemento do proxecto do equipo de elite desta entidade durante a tempada 2007/2008.

Segunda: A lexislación aplicable, para este convenio, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e

supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo para o ano 2008; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Esta subvención ten un claro carácter de interes público social, e ademais a subvención que regula este convenio non obedece os principios de publicidade e concorrencia dado que se pode conceder directamente ao figurar nominalmente no orzamento aprobado para o exercicio 2008, na partida indicada, consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia (LSG).

O solicitante debera reunir os requisitos establecidos no artigo 10 da LSG.

Terceira: O obxecto do presente convenio establécese na colaboración do Concello de Vigo e a entidade Vigo Rugby Club para a execución do proxecto de promoción a través do equipo de élite da entidade que participa na categoría División de Honra B e de forma xeral non ten ningunha incompatibilidade con outras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas procedentes da mesma administración e outras administracións o entes públicos ou privados.

Cuarta: A entidade Vigo Rugby Club, comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo a través da promoción do deporte en Vigo a través do equipo de élite e de forma concreta establécese en:

- 1. Utilización da imaxe institucional da Concellería de Deportes do Concello de Vigo.*
- 2. Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvolto desde este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio.*
- 3. Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara o ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de élite.*
- 4. Participar cos xogadores e xogadoras do primer equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.*
- 5. En todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de élite, con independencia dos patrocinio da entidade, deberá figurar nun lugar visible publicidade da Concellería de deportes -Concello de Vigo.*
- 6. Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.*

Quinta: O Concello de Vigo a través da Concellería de Deportes comprométese a:

Colaborar coa entidade Vigo Rugby Club na tramitación das necesidades propias do Concello para a realización de proxectos deportivos do equipos de élite na cidade de Vigo.

Facilitar as medios precisos para a súa inserción nos ámbitos de promoción da entidade Vigo Rugby Club , (revista, web, etc).

Aportar a cantidade de 16.000,00 euros (deza seis mil euros) á entidade Vigo Rugby Club, en base a colaboración do Concello de Vigo na execución do programa de promoción do deporte de elite da cidade para a tempada 2007/2008, con cargo á partida 4521.489.00.09 do orzamento vixente.

Sexta: A vixencia deste convenio é pola totalidade da tempada deportiva 2007/2008, tendo a obriga de presentar a documentación para a xustificación do mesmo no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata tres meses da finalización da tempada deportiva correspondente,

establecéndose como data de referencia para a finalización da tempada o do ultimo partido da competición oficial.

Séptima: A entidade Vigo Rugby Club presentará unha memoria para a xustificación das actividades realizadas polo equipo de elite en base o proxecto presentado.

1. A aceptación por parte da entidade Vigo Rugby Club da subvención, implica as obrigas derivadas da normativa sobre axudas e subvencións .
2. O órgano instructor poderá solicitar, de ser o caso, maior información ou verificar calquera aspecto relacionado coa solicitude subvencionada.
3. O Concello de Vigo a través dos seus servicios municipais, poderá de ser o caso comprobar o correcto destino da subvención outorgada e se fora preciso proceder á inhabilitación da entidade, para os efectos de non poder volver a solicitar axuda do Concello de Vigo.
4. A concesión de subvención implica a aceptación por parte da entidade Vigo Rugby Club das obrigas sinaladas no dito artigo 11 da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Oitava: Para a tramitación do pago do importe da axuda do presente convenio a entidade Vigo Rugby Club, deberá de adxuntar coa memoria correspondente a seguinte documentación:

- *Xustificantes acreditativos dos gastos vinculados o proxecto do presente convenio coas seguintes especificidades:*
 - a) *Facturas orixinais que deberán recoller o número de CIF, a data, o número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo; neste sentido non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no do RD 1496/2003, polo que se regula o deber de expedir a entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais. Nestas facturas se computará o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que xustifique que este exenta de IVE, os xustificantes corresponderán ós gastos vinculados directamente o obxecto do presente convenio.*
 - b) *Cando a entidade solicitante demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art. 73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como si o importe do xustificante imputase total o parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporará o expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá a devolución do orixinal.*
 - c) *Atendendo á especificidade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitaxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificadas a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de pago de arbitaxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións ou póla propia entidade deportiva que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probativo do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.*
 - d) *En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo Organismo Autónomo IMD, acreditativo dos ingresos por estos conceptos.*
 - e) *En xeral os documentos xustificativos deberán corresponderse cos gastos subvencionables realizados (Art. 31.2 Lei 38/2003) e vinculados de forma directa o proxecto subvencionado, e non deberá constar de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.*
 - f) *Declaración actualizada doutras subvencións e/ou axudas solicitadas e/ou recibidas.*
- 2. *En xeral os documentos xustificativos deberán de corresponderse con gastos vinculados de forma directa á tempada deportiva 2007/2008. Para a xustificación do período comprendido na tempada deportiva, o Técnico da área de deportes no informe adxunto á documentación especificará o período comprendido pola mesma.*

3. *O persoal Técnico da Concellería de Deportes será o encargado do seguimento da execución da subvención, así como de certificar a adecuada xustificacións da mesma mediante a emisión dun informe que se incorporará coa conta xustificativa e a documentación presentada no que se poña de manifesto expresamente o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.*

Novena: O incumprimento de calquera das cláusulas deste convenio poder ser denunciada polas partes. O concelleiro de Deportes do Concello de Vigo queda facultado para solucionar posibles controversias da execución e interpretación do convenio.

Décima: As causas de reintegro da subvención serán as que se determinan no artigo 33 da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Décima primeira: A entidade Vigo Rugby Club deberá comunicar ó Concello de Vigo calquera subvención que reciba para o mesmo fin (programas e actuacións que figuran neste convenio).

Así de conformidade con canto antecede e no exercicio das facultades de que son titulares cada un dos firmantes, subscriben este Convenio.

4(1202).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA PARA O PROXECTO “A ADMINISTRACIÓN SEN PAPEL NO CONCELLO DE VIGO”. EXPTE. 3477/113.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta do concelleiro delegado Responsable de Informática, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aceptar expresamente todas as condicións e requisitos establecidos na Orde da Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia do 25 de xuño de 2008 (DOG núm. 128 do 03 de xullo de 2008), que ten por obxecto establecer as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións destinadas aos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia para o desenvolvemento do programa Concellos Dixitais 2008–2009, no marco do Plano Estratégico Galego da Sociedade da Información e o Plano Avanza (código procedemento IN516B).

SEGUNDO.- Remitir á Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia a solicitude segundo modelo normalizado, xunto coa demais documentación necesaria para os efectos oportunos, do proxecto denominado “A Administración sen papel no Concello de Vigo”.

5(1203).- INCOACIÓN DE DILIXENCIAS DISCIPLINARIAS CONTRA FUNCIONARIO DA POLICÍA LOCAL. EXPTE. 33737/212.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do instructor do expediente, do 18.07.08, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Impoñer ao funcionario de carreira con posto de traballo de Policía local, D. Marcelo Caldas Blanco, con D.N.I. 77.401.761-E e Nº.Persoal 79361, como autor dunha falta disciplinaria de carácter leve polo retraso inxustificable na entrega de 14 boletins de denuncia con vista a súa tramitación, a sanción de amonestación con constancia no seu expediente persoal.

SEGUNDO.- Transcurridos seis meses desde a data de efectos do acordo polo que se lle impon a sanción, procederáse de oficio á cancelación dos antecedentes, sempre que durante aquel tempo non

fose sancionado o interesado por feitos cometidos nese mesmo período (art. 86.2 da Lei 4/07 de coordinación das policía locais).

6(1204).- DEVOLUCIÓN DE AVAL A SEVERINO QUINTAS DOBAÑO S.L. POR RESERVA ESPECIAL DA VÍA PÚBLICA NA RÚA ROSARIO Nº 10. EXPTE. 75122/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Transporte, do 14.07.08, conformado polo concelleiro-delegado de Mobilidade, Transporte e Seguridade, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 6 de setembro de 2005 por SEVERINO QUINTAS DOBAÑO, S.L con NIF B-36885523, por un importe de 1.500 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na rúa Rosario, nº 10, por non producirse danos.

7(1205).- DEVOLUCIÓN DE AVAL A CONSTRUCCIONES O GALLO S.L. POR RESERVA ESPECIAL DA VÍA PÚBLICA NA RÚA SANJURJO BADÍA 140-144. EXPTE. 75123/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Transporte, do 14.07.08, conformado polo concelleiro-delegado de Mobilidade, Transporte e Seguridade, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 23 de xuño de 2005 por CONSTRUCCIONES O GALLO, S.L, con NIF B-36108298, por un importe de 1.500 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na rúa Sanjurjo Badía, 140-144, por non producirse danos.

8(1206).- DEVOLUCIÓN DE AVAL A CONSTRUCCIONES O GALLO S.L. POR RESERVA ESPECIAL DA VÍA PÚBLICA NA RÚA MARTÍNEZ GARRIDO Nº 4. EXPTE. 75124/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Transporte, do 14.07.08, conformado polo concelleiro-delegado de Mobilidade, Transporte e Seguridade, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 29 de abril de 2005 por CONSTRUCCIONES O GALLO, S.L, con NIF B-36108298, por un importe de 1.500 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na rúa Martínez Garrido, nº 4 por non producirse danos.

9(1207).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO E O COCNELLO DE VIGO PARA A EXECUCIÓN DA FASE 2ª DA REURBANIZACIÓN DA PRAZA DE EDUARDO CHAO EN VIGO. EXPTE. 4253/307.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Patrimonio Histórico, do 9.07.08, conformado pola delegada da Área de Patrimonio Histórico, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o texto do Convenio de colaboración entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello de Vigo para a execución da Fase 2A da reurbanización da Praza de Eduardo Chao en Vigo.

2º.- Aprobar a Addenda ó Convenio de colaboración entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello de Vigo para a execución da Fase 2A da reurbanización da Praza de Eduardo Chao en Vigo.

3º.- Aprobar a financiación do gasto correspondente á aportación municipal a dito Convenio de 34.396,24 euros, con cargo á partida 5110.6110038, proxecto 06511038, previa transferencia dende a partida 4531.6110000 do vixente orzamento xeral do Concello.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO E O CONCELLO DE VIGO PARA A EXECUCIÓN DA FASE 2A DA REURBANIZACIÓN DA PRAZA DE EDUARDO CHAO EN VIGO.

En Santiago de Compostela a.24 de outubro de 2007

R E U N I D O S

Dunha parte, a Sra., Conselleira de Vivenda e Solo, D^a. María Teresa Táboas Veleiro, Conselleira de Vivenda e Solo, no exercicio das funcións que lle confire o art. 34 da Lei 1/83, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia en relación co Decreto 213/2005, do 03 de agosto, do seu nomeamento.

Doutra parte, a Sr., Teniente de Alcalde do Concello de Vigo, D. Santiago Domínguez Olveira, en virtude da resolución delegación de data 5 de xullo de 2007.

Ambas partes, recoñécense no concepto no que respectivamente interveñen, capacidade para o outorgamento do presente convenio, e para o efecto,

E X P O Ñ E N

Primeiro.- A Consellería e Vivenda e Solo ten entre as súas funcións, recollidas no artigo 1 i) do Decreto 505/2005, do 22 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Vivenda e Solo, a elaboración das estratexias de acción directa ou fomento para a renovación e recuperación urbana nos centros históricos ou noutros tecidos urbanos degradados que permitan a súa recuperación. Así como as recollidas nos puntos c) (as relacións con outros órganos, estatais, autonómicos ou locais para a execución da política de vivenda) e x) (A sinatura de convenios coa Administración estatal, autonómica ou local para a execución das anteriores políticas).

Segundo.- Que de conformidade co establecido tanto na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, coma na Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia, os concellos teñen atribuída, entre outras, a competencia relativa ó fomento dos intereses peculiares do municipio, contemplándose, nos artigos 57 e 195, respectivamente, das anteditas Leis 7/1985 e 5/1997, a figura do convenio administrativo como un instrumento xurídico adecuado para a colaboración das administracións locais e autonómica nos asuntos de interese común.

Terceiro.- Dentro do “programa de rehabilitación integral do casco vello e do conxunto de Bouzas” se encontra a execución da reurbanización da praza de Eduardo Chao, entre a rúa Elduayen e a rúa Real situadas no casco vello de Vigo. Trátase de que a zona adquira un carácter eminentemente humanizado e peatonalizado, reducindo o protagonismo do vehículo para outorgarlllo ao peón, creando un contorno que debe converterse nun espazo cómodo, agradable e apetecible para o cidadán.

Para elo, percorrerase a un despece do pavimento que delimitará de forma estrita o espazo destinado ao vehículo na Praza. Ademais se aproveita a intervención para a potenciación dos servizos urbanos existentes; substituíndo as redes obsoletas e soterrando o cableado aéreo existente. Por outro lado, poténciase o carácter estacional do espazo público utilizando materiais e mobiliario urbano de calidade destacando o enlousado de pedra en toda a superficie.

Dada a importancia da actuación e a zona que ocupa respecto ao casco urbano de Vigo, estas obras servirán como impulso á rehabilitación do conxunto de edificacións polos particulares e para futuras actuacións que repercutirán na mellora do conxunto do municipio.

Ó abeiro do exposto, e có obxectivo de coordina-las actuacións de ambos Organismos nos obxectivos previstos, as partes asinantes acordan formalizar o presente convenio de colaboración con suxeición ás seguintes,

CLÁUSULAS

Primeira.- O presente convenio ten por obxecto a execución da fase 2A de reurbanización da Praza de Eduardo Chao no concello de Vigo, conforme ao proxecto presentado polo concello.

Segunda.- A reurbanización desta actuación, fase 2A, corresponde á continuación da rúa Eduardo Chao, dando a Travesía Esperanza hacia a rúa Elduayen, incluíndo a rúa Caracol e as obras consistirán fundamentalmente:

Abastecemento: A renovación das canalizacións existentes de 60 mm de diámetro, debido á súa antigüidade e capacidade recomendándose o uso de tubos de fundición de 100 mm de diámetro.

Saneamento: Un novo colector executado en PVC con pozas de rexistro visitables que faciliten as labores de limpeza.

Enerxía Eléctrica: Soterrar estas redes e en previsión do aumento de demanda de potencia no contorno debido ao crecemento da urbanización do casco vello implántase un centro de transformación subterráneo de obra civil.

Telefonía e datos: Restitución do seu cableado aéreo por un subterráneo e as canalizacións que cubra as necesidades futuras de redes de datos que hoxe en día non dispón dela na zona.

Alumado público: Os puntos de luz actuais substituiranse por outros de 100 W.

Mobiliario urbano: Papeleras de fundición dúctil, banco de bloque prismático de granito gris e fonte clásica de pedra.

Terceira.- As obras de toda a actuación supoñen un importe total de 171.981,22 € IVE incluído, dos que a Consellería de Vivenda e Solo achegará para a realización das actuacións proxectadas ao concello de Cangas a cantidade máxima de cento trinta e sete mil cincocentos oitenta e catro euros con noventa e oito céntimos (137.584,98 €), que supón o 80% do importe total, con cargo á aplicación orzamentaria 17.02.451A.760.1. para o presente exercicio económico e o concello farase cargo do importe restante con cargo ós seus orzamentos.

Se a adjudicación das obras contivera unha baixa con respecto ao orzamento xeral a aportación da Consellería sufrirá igualmente a baixada na parte proporcional que lle corresponde achegar.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras subvencións supere o custo da actividade subvencionada (art. 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia).

A achega da Consellería de Vivenda e Solo farase efectiva en función das correspondentes certificacións de obra, conformadas polo director-facultativo da mesma e polo órgano competente do Concello, que, para estes

efectos, deberá remitilas á Consellería acompañadas do certificado do Concello de que as obras xa están rematadas.

O Concello deberá cumprir na xustificación da subvención co establecido no art. 28.6 e 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Cuarta.- O Concello de Vigo asume o compromiso de levar a cabo tódalas actuacións relativas á contratación das obras proxectadas, así como as relativas á obtención dos permisos e autorizacións que sexan necesarios e aportar a cantidade restante, dacordo co sinalado na cláusula anterior. O concello comprométese a facer as obras dacordo coa normativa e materiais establecidos na mesma.

Respecto da contratación das obras deberase efectuar de acordo co RDL 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas. Advertíndolle ao contratista adxudicatario da obriga de prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control de cumprimento deste convenio para dar cumprimento ó establecido no artigo 45 Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A Consellería de Vivenda e solo poderá designar técnicos para que realicen unha supervisión das obras.

Quinta.- O presente convenio estenderá a súa vixencia ata o 30 de decembro de 2007, se ben poderá ser obxecto de prórroga en virtude de causa debidamente xustificada.

Sexta.- Para o seguimento e control do cumprimento do presente convenio constituirase unha comisión integrada por un representante de cada unha das institucións asinantes, nomeados pola Consellería de Vivenda e Solo e polo Alcalde-Presidente do Ilmo. Concello de Vigo.

Sétima.- Son cláusulas de resolución do presente convenio:

- 1.- O seu incumprimento total ou parcial.*
- 2.- O transcurso do tempo estipulado sen que se cumpran os obxectivos previstos, agás causa debidamente xustificada.*
- 3.- O mutuo acordo.*

Novena.- Ó presente convenio non lle será de aplicación a lexislación de Contratos das Administracións públicas, conforme ó disposto no artigo 3.1.c) do R.D. 2/2000, de 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, coas salvedade, segundo o apartado 2 do mesmo artigo, da aplicación supletoria dos principios da Lei para resolve-las dúbidas ou lagoas que se puideran presentar.

O réxime da subvención concedida ao beneficiario será o establecido nas seguintes normas: Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, do 21 de xullo, nos seus preceptos declarados básicos; e a Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

O beneficiario da subvención terá as obrigas do beneficiario prevista na normativa e en particular nas seguintes disposicións: artigo 11.d) da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia tendo como obríga comunicar á Consellería de Vivenda e Solo a obtención doutras subvencións ou axudas que financien as actividades subvencionadas.

O beneficiario está obrigado a facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Cuentas e o Consello de Contas, no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

A concesión desta axuda leva implícita a autorización para incluír ao beneficiario no rexistro de axudas e subvencións creado polo Decreto 132/2006.

Dada a natureza xurídico pública do presente documento as controversias que puidesen xurdir na aplicación do convenio serán resoltas pola xurisdición contencioso administrativa.

En proba de conformidade, asínase o presente Convenio, en triplicado exemplar, no lugar e data antes citados.

10(1208).- ABOAMENTO DE COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE A OFICIAIS CONDUCTORES DE ALCALDÍA CORRESPONDENTE Ó 2º TRIMESTRE 2008. EXPTE. 18337/220.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe proposta de data 02.07.08 emitido pola técnica de RRHH, conformado pola xefa da Unidade de Persoal e máis polo concelleiro delegado, visto o informe do interventor xeral de data 16 do mesmo mes, a xunta de Goberno Local acorda:

Aboar ós seguintes funcionarios, que prestan servizos como conductores adscritos á Alcaldía, as cantidades que para cada un deles se especifica, polo especial rendemento e dedicación extraordinaria no desenvolvemento dos seus postos de traballo, máis alá do meramente esixible polo desempeño das súas funcións públicas, de conformidade co regulamentado no artigo 5 do R. decreto 861/86, do 25 de abril, durante o primeiro trimestre de 2008:

- D. Basilio Costas Fernández, núm. persoal 10257, conductor da Alcaldía, 1.966,88 €.
- D. Cesáreo Rocha Paramés, núm. persoal 12256, conductor da Alcaldía, 1.668,10 €.

Dease traslado do presente acordo ós interesados, ó Comité de Persoal e á Intervención Xeral, debendo expoñerse, así mesmo, no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello por prazo de quince días.”

11(1209).- PRODUCTIVIDADE POR XORNADA PARTIDA DO PERSOAL DO SERVIZO DE CEMITERIOS CORRESPONDENTE Ó MES DE XUÑO 2009. EXPTE. 18340/220.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe proposta de data 04.07.08 emitido pola técnica de RRHH, conformado pola xefa da Unidade de Persoal e máis polo concelleiro delegado, visto o informe do interventor xeral de data 16 do mesmo mes, a xunta de Goberno Local acorda:

Recoñecer as obrigas que en concepto de complemento de produtividade de servizos prestados polo persoal do servizo de Cemiterios, aboarase ós traballadores que figuran nas relacións que se achegan e que comeza por don Jesús Alfonso Sanmartín e remata por don Delmiro Vilanova Acuña, as cantidades

que figuran para cada un deles, correspondentes ó mes de xuño 2008, e que ascenden a un total de 984.12 € , con cargo á partida presupostaria 121.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE.

12(1210).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A VIUCONSA S.A. CONSTITUÍDA POLO PERMISO DE CIRCULACIÓN Á RÚA LUIS TABOADA, 13. EXPTE. 55120/250.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 16.07.08, conformado pola concelleira delegada de Servizos Xerais e Vías e Obras, a Xunta de Goberno Local acorda:

“Proceder á devolución da fianza de 13.286,00 € (trece mil douscentos oitenta e seis euros) a favor de VIUCONSA, S.A.”

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

13(1211).- ACEPTACIÓN DE SUBVENCÍONS CONCEDIDAS PARA A PROGRAMACIÓN DE ACCÍONS FORMATIVAS EXPERIMENTAIS. EXPTE. 5274/77.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Promoción Económica e Emprego, do 22.07.08, conformado polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aceptar a subvención concedidas para impartir o curso de Xestión de espazos naturais, aprobado por Resolucións de data 10 de xullo de 2008 d o Director Xeral de Formación e Colocación da Consellería de Traballo da Xunta de Galicia.

2º.- Encomendar ao servizo de Promoción Económica e Emprego á xestión do curso subvencionado, conforme ao establecido na orde de 13 de marzo de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a convocatoria pública de subvencións para a programación de accións formativas experimentais e complementarias do Programa FIP dirixidas a traballadoras e traballadores en desemprego.

14(1212).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE TRABALLO DA XUNTA DE GALICIA PARA O PROXECTO DENOMINADO “VIGO LABORANDO”. EXPTE. 5270/77.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Promoción Económica e Emprego, do 22.07.08, conformado polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto denominado “Vigo Laborando”, elaborado polo Servizo de Promoción Económica e Emprego do Concello de Vigo.

2º.- Solicitar á Consellería de Traballo da Xunta de Galicia a subvención contemplada no citado proxecto, de acordo co establecido na Orde de 5 de decembro de 2007 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a posta en práctica en Galicia, durante os anos 2008 e 2009, de programas experimentais en materia de emprego.

3º.- Asumir as obrigas económicas que ao Concello lle podan corresponder no desenvolvemento do proxecto, mediante a dotación, nos presupostos municipais dos anos 2009 e 2010, das correspondentes partidas para o cofinanciamento deste proxecto.

15(1213).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e quince. Como secretaria dou fe.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.